

CRÓNICA PARLAMENTARIA DO FINAL DA LEXISLATURA (PRIMEIRO PERÍODO DE SESIÓNS 1993)

José Antonio Sarmiento Méndez

Letrado do Parlamento de Galicia
Profesor de Dereito Constitucional

A labouira desenvolvida no Parlamento de Galicia no primeiro período de sesións correspondente ó ano que andamos, veuse claramente influída polo feito da disolución anticipada do mesmo, polo Decreto do presidente da Xunta (núm. 198/1993 do 23 de agosto).

Este feito, tanto no eido do control e impulso do executivo, coma no da elaboración lexislativa, produxo un notable aceleramento da actividade parlamentaria, fenómeno este, por outra banda, bastante común na xeneralidade dos sistemas parlamentarios do noso entorno. A intención de resumir nunha crónica sucinta a actividade parlamentaria que nos ocupa, presenta especial complicación neste caso. Por elo optárase por facer fincapé na actividade lexislativa, recollendo de forma máis puntual unhas referencias a outras funcións que, estatutaria e regulamentariamente ten atribuído o Parlamento de Galicia.

I.- REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA

Un primeiro aspecto a avaliar en toda crónica parlamentaria e o atinente ó número de sesións que os diferentes órganos de goberno e traballo da Cámara celebran nun período de tempo determinado. Nesta orde de cousas destacan as trinta reunións que a Mesa do Parlamento celebrou neste período de sesións, derivados, en boa medida, das importantes funcións que o artigo 30 do Regulamento do Parlamento de Galicia lle atribúe e moi especialmente as

referidas á súa función cualificadora dos numerosos escritos e documentos que deben tramitarse en sede parlamentaria.

De xeito moi parello o órgano de carácter máis político da Cámara, a Xunta de Portavoces, ten celebradas 14 reunións, froito do requisito da audiencia preceptiva para unha multiplicidade de trámites parlamentarios, prevista no artigo 39 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Sen dúbida, o dato que en relación cos restantes parlamentos autonómicos do Estado máis chama a atención, é o elevado número de sesións do Pleno celebradas en tan corto espacio de tempo (13 sesións).

Singular interese aporta un vistazo comparativo á actividade das distintas comisións parlamentarias, deste xeito obsérvase a importante actividade desenvolvida pola Comisión 2ª, de Ordenación do Territorio, Obras Públicas Medio Ambiente e Servicios, e a 8ª, de Pesca e Marisqueo (con 20 sesións cadansúa). Esta sobrecarga de traballo pode facer reflexionar sobre a conveniencia de operar unha diferente distribución sectorial nas comisións parlamentarias, sobre todo se as comparamos coas escasísimas reunións mantidas por outras comisións como a 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (que só celebrou tres sesións parlamentarias).

No tocante ás comisións non lexislativas, é de subliñar a actividade da Comisión de Regulamento, polo propio trámite da reforma regulamentaria que xenerou dez sesións parlamentarias. Por último, son tres comisións de estudio as que copan a meirande parte das reunións das de esta clase. Así, concretamente, a encargada do estudio da reforma da política pesqueira comunitaria, a creada para o seguimento do plan forestal de Galicia, e a que tivo por obxecto a investigación do accidente do petroleiro "Mar Exeo".

Resulta relevante destacar como a comisión para o estudio da repercusión do narcotráfico en Galicia, unha vez elaborado o seu dictame, e pese á vontade unánime continuadora de tódolos grupos parlamentarios, non ten prolongado a súa laboura parlamentaria. Por outra banda, unha comisión á que se lle presumía unha enorme potencialidade práctica, como a creada para o estudio do plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, só celebrou dúas reunións no período que nos ocupa.

II.- PROCEDIMENTOS DE INFORMACIÓN

É tradicional na doutrina constitucional e parlamentaria o tratar baixo este título, a coñecida como actividade rogatoria das Cámaras, que inclúe tanto as interpelacións coma as preguntas parlamentarias.

Como é ben sabido as interpelacións parlamentarias son un instrumento previsto nos regulamentos (no noso caso, nos artigos 147 a 151 do Regulamento do Parlamento de Galicia), coa finalidade de actuar en materias de política xeral ou unha cuestión de acentuada relevancia. No período que nos ocupa foron presentadas un total de 36 interpelacións das cales conseguiron remata-lo seu trámite no Pleno da Cámara un total de 20, quedando pendentes de ser substanciadas un total de 122. Entre as interpelacións tramitadas pola Cámara alcanzaron unha especial relevancia política a núm. 5.445, (debatida na sesión plenaria do 11-V-92; Diario de Sesións núm. 158), en col da posible reformulación do estado das autonomías ; a 11.168 (tramitada na sesión plenaria do 13-IV-92; Diario de Sesións núm. 153) sobre o plan do goberno galego para solucionar os problemas da cuestión da eliminación dos residuos sólidos urbanos; e tamén a 10.343 (sesión plenaria do 13-IV-93; Diario de Sesións núm. 153) sobre o desenvolvemento e a aplicación da Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social. Non cabe descoñecer, nembargantes, a relevancia de algunhas interpelacións que quedaran sen completar a súa tramitación parlamentaria, debido á disolución anticipada do Parlamento, como xa foi citado anteriormente. Sirva de exemplo a interpelación núm. 4.374 (BOPG núm. 145, de 2-V-91) sobre a non presentación da declaración da renda correspondente ós anos 1985 e 1988 do Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio; ou a 4.669 (BOPG núm. 158, do 19-VI-91) sobre o seguimento e a subministración da información do proceso electoral dende o goberno galego.

No tocantes á tramitación das preguntas parlamentarias, debemos distinguir dentro da tipoloxía das mesmas. Presentáronse un total de 26 preguntas plenarias, sendo tramitadas un total de 25; pola súa banda, as distintas comisións parlamentarias tramitaron un total de 56 preguntas das 134 presentadas, destacando no eido da tramitación destes instrumentos rogatorios a actividade importante de control desenvolvido pola Comisión 2ª de Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, e a Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo. A última clase de preguntas parlamentarias

obxecto de análise, son aquelas nas que se pretende unha resposta escrita por parte do goberno galego, que sumaron unha totalidade de 167 tramitadas, se ben esta clase de preguntas veñen presentando o “handicap” práctico de non atopar unha resposta rápida por parte do Executivo, polo que ven sendo unha práctica habitual a reconversión en preguntas orais en comisión, segundo as prescricións do vixente regulamento parlamentario ó respecto.

III.- PROCEDEMENTOS DE DIRECCIÓN E IMPULSO

Se ben tódolos instrumentos parlamentarios (segundo ten sinalado Andrea Manzella) teñen unha natureza polivalente, historicamente vense agrupando baixo este epígrafe instrumentos coma as proposicións non de lei (ben sexan en pleno ou en comisión), mocións (todas elas substanciadas no Pleno da Cámara), e os debates sobre comunicacións do Goberno, e programas e plans remitidos polo Executivo.

As proposicións non de lei tramitadas no Pleno, alcanzaron un total de 16, das cales foron aprobadas cinco, merecendo a pena sinalarse a heteroxenea procedencia de todas elas (dúas do Grupo Mixto, unha do Grupo do BNG, unha do Grupo Socialista e outra do Grupo Popular). As 11 restantes foron rexeitadas, e atopábanse pendentes de tramitación parlamentaria no momento da disolución un total de 71.

As proposicións non de lei tramitadas en comisión alcanzaron un número moito maior, posto que conseguiron completa-la súa tramitación un total de 76 das cales foron aprobadas 18, entre as que podemos subliñar a tratada pola Comisión 1ª na súa reunión de 19-IV-93 (BOPG núm. 395) sobre o accidente do buque “Mar Exeo”. Respecto a estes instrumentos parlamentarios, ven sendo unha constante a crítica de non implicar unha coacción xurídica sobre o Executivo, (senon un instrumento de presión política), e tamén a de carecer (a diferencia do disposto para outras Comunidades Autónomas) de un sistema de control do cumprimento de estas proposicións por parte do Executivo.

No tocante ás mocións tramitadas no Pleno, consecuencia da presentación de interpelacións debe subliñarse o dato de que a totalidade das mesmas (dez) foron rexeitadas, demostra ser, pois, un instrumento pouco útil para que

os diferentes grupos parlamentarios fagan chegar ó Executivo os seus ancellos de dirección política.

Se ben non se tramitou comunicación nin programa ou plan algún durante o período de sesións, merece un tratamento singular, a celebración do debate de política xeral, coa comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, para expo-lo proceso evolutivo da autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvementos futuros, celebrada na sesión do 24 de febreiro de 1993. Coma froito de este debate previsto na lei da Xunta e do seu Presidente, aprobáronse un total de 21 propostas de resolución, trece delas proveñentes do Grupo Parlamentario Popular, e dúas do Grupo Parlamentario do BNG, e as restantes do Grupo Parlamentario Mixto, que contiñan mandatos tan heteroxeneos coma o de creación de un gran grupo industrial no eido da produción láctea, o requerimento da Xunta ó Goberno do Estado para que solicite á comisión correspondente da Comunidade Europea a reapertura de ASTANO S.A. para dedicarse á construción e transformación de buques mercantes, a demanda pola Xunta ó Goberno do Estado para a inclusión, dentro do "Plan Director de Infraestructuras do Ano 2000" da finalización da autovía do Cantábrico, ou a que pretendía a integración de Galicia na rede ferroviaria peninsular e europea de alta velocidade.

IV.- OUTROS PROCEDEMENTOS

A) Procedementos electivos.-

O Pleno do Parlamento en sesión específica celebrada o 22 de xuño de 1993, acordou designar senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a Dona Marta Álvarez Montes, Don Luis Antonio Chao Gómez e don Fernando Ignacio González Laxe.

B) Procedementos de control da lexislación delegada.-

No Pleno do 27 de abril de 1993 (BOPG núm. 408, de 11 de maio de 1993) tramitouse o dictame sobre o Decreto lexislativo 1/1992, de 11 de abril, polo que se aprobou o texto articulado das bases contidas no apartado 3 do título II da

Lei 13/ 1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

C) Solicitudes de creación de comisións de investigación ou enquisas.-

Foron aprobadas as solicitudes de creación da Comisión de Investigación sobor das causas do accidente do petroleiro "Mar Exeo", a iniciativa dos Grupos Parlamentarios do BNG e Mixto, atinente ás presuntas irregularidades detectadas na xestión do Consello da Xuventude, a iniciativa dos deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e por último, a que tentou determinar a veracidade da imputacións que provocaron a detención e posterior retención do buque galego "Horizonte I", a iniciativa de tódolos grupos parlamentarios.

Só a primeira das citadas comisións chegou a desenvolver-la súa laboura por mor da tantas veces citada disolución anticipada da Cámara.

D) Procedementos e regulación dos órganos estatais.-

Produciuse a tramitación do informe da fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 1989, aprobada polo Pleno do "Tribunal de Cuentas do Estado" (BOPG núm. 390, do 1-IV-93)

E) Procedementos de relación con órganos autonómicos.-

Produciuse a rendición do informe do Valedor do Pobo ó Parlamento de Galicia, correspondente ó ano 1992, na sesión plenaria do 8-VI-93, así como a remisión do proxecto de regulamento, de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (BOPG núm. 393, do 7-IV-93).

En relación co Consello de Contas, o BOPG núm. 394, do 17-4-93, recolle o informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio de 1990, aprobado polo Pleno do Consello de Contas. E o BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993 as normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia.

V.- ACTIVIDADE LEGISLATIVA

Ó atoparnos ante un período de sesións que puxo fin á lexislatura, debemos relativiza-lo importante número de leis aprobadas no período obxecto de estudio, en canto son, en boa parte, froito dos traballos parlamentarios desenvolvidos en períodos anteriores. Ata un total de doce leis foron aprobadas neste período, ó que debemos incorporar (facendo as oportunas reservas, pola súa especial natureza xurídica) a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia. Pois ben, dez de esas leis proceden de proxectos remitidos polo Goberno, e dúas das proposicións presentandas polos diferentes grupos parlamentarios.

Pasaremos seguidamente a facer unha recensión sobre estes textos aprobados.

Un primeiro grupo de normas tiñan unha importante natureza político-institucional; estoume a referir á Lei de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia, que une a ese carácter o de tratarse dunha lei coxuntural e de contido presupostario, pois prevé a concesión dun crédito extraordinario, ó presuposto de gastos vixente da Comunidade Autónoma, por un importe de 860.830.445 pesetas, que resultaba necesario ó abeiro do artigo 62 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

Pero sen dúbida a norma que máis polémica ten despertado dentro deste sector, é a modificación do Regulamento do Parlamento de Galicia. Trátase dun cambio lexislativo que afecta a un total de 13 artigos do antigo Regulamento (un obxecto moito máis limitado do que contiña a orixinaria proposición de lei de reforma, iniciativa do Grupo Parlamentario Popular). Resumindo, as innovacións máis relevantes desta reforma debe subliñarse o novo artigo 15, que contén a obriga para os deputados autonómicos de facer declaración notarial dos seus bens patrimoniais, e de aquelas actividades que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, que se atopa en íntima relación coa nova configuración do artigo 16, apartado 2º, ó atribuí-las competencias á Comisión do Estatuto dos Deputados para elevarlle ó Pleno as súas propostas sobre as situacións de incompatibilidade.

Outro grupo de reformas tenta de introducir melloras no funcionamento das comisións parlamentarias (as substitucións no seo das mesmas, e a posibilidade de solicita-la presenza de funcionarios, autoridades e particulares), así como a de prever expresamente o uso do voto ponderado para as comisións non permanentes que se crean para unha función especial ou un traballo concreto.

Sen ningún tipo de dúbidas, o precepto causante dunha maior polémica, foi o novo apartado 5º do artigo 75, que atribúe ós membros da Xunta de Galicia a posibilidade de intervir sempre que o solicitasen, ó longo dos debates para matizar ou esclarecer feitos ou fixa-la postura do Goberno, prevendo que “esta intervención non reabrirá o debate, sen prexuício de réplica específica que poderá exercer-la oposición e da dúplica a cargo do Goberno”.

Un último grupo de reformas afecta ó procedemento legislativo. Tratouse de simplifica-los trámites e restrinxi-la intervención dos grupos parlamentarios, tendencia que se acentúa respecto á tramitación do proxecto de lei de presupostos.

1.- Leis de natureza xurídico-privada.-

Dentro deste grupo normativo debemos incluír dous textos legais. En primeiro lugar, a Lei das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, dictada conforme á base competencial recoñecida no artigo 149.1, regra 8ª da Constitución, e tamén no artigo 27.4 do Estatuto que declara a competencia sobre a conservación, modificación e o desenvolvemento das institucións de dereito civil galego. Esta lei reconece os arrendamentos rústicos históricos existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei de 1 de agosto de 1942 e as parcerías configuradas como modalidade de contrato para a explotación agraria, no que a titularidade da explotación agraria e o traballo persoal lle corresponden ó arrendatario ou parceiro. De igual xeito crea un rexistro de parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos dependente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

A innovación no réxime xurídico destes contratos ven recollida no artigo 5 da lei, no que se reconece unha prórroga ata o 31 de decembro do ano 2005. Por outra banda regula minuciosamente o texto legal a existencia dunha xunta provincial de parcerías e de arrendamentos rústicos históricos, así como as

axudas da Xunta de Galicia para facilita-lo acceso á propiedade dos arrendatarios e parceiros ós que se refire a lei. Singular relevancia teñen as prescripcions relativas ó suposto de producírense unha expropiación forzosa, total ou parcial, de un predio sobre o que recaía un negocio xurídico desta clase, recoñecéndose separadamente as titularidades e dereitos do propietario e do arrendatario ou parceiro cultivador.

Outra das leis enmarcables dentro deste epígrafe é a aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia o día 30 de xuño de 1993, reguladora do recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia. Trátase dun texto que se dicta fronte á necesidade de dispoñer dunha vía procedimental que faga posible o acceso ó recurso de casación ante o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia. Regula a lei aquelas sentencias e resolucións que son susceptibles de recurso de casación ante a Sala do civil e penal do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, excluindo de forma taxativa as sentencias dictadas nos xuízos de desauccio por falta de pago da renda.

Por outra banda, está detallado no seu artigo 2º os motivos do recurso de casación alcanzando singular interese o contido no apartado 2º “erro na apreciación da proba que demostre descoñecemento por parte de xulgador de feitos notorios que supoñan infracción do uso ou costume. Os usos e costumes notorios non requirirán proba”. Prescribe este mesmo artigo que para os feitos do presente recurso son notorios, ademais dos usos e costumes compilados, os aplicados polo Tribunal Supremo, polo Tribunal Superior de Xusticia de Galicia ou pola antiga Audiencia Territorial de Galicia. Por último, recoñécese a imposición das custas procesuais pola parte que aprecia o Tribunal que procedeu con temeridade ou mala fe na interposición do recurso.

Este texto legal foi obxecto de recurso de inconstitucionalidade polo Presidente do Goberno do Estado, oído o Consello de Ministros, celebrado o 22 de outubro de 1993, para o cal o avogado do Estado argumentou (fundamentándose nas sentencias 121/1992, do 28 de setembro; 83/1986, do 26 de xuño e 123/1988 do 23 de xuño), que as innovacións procesuais que as Comunidades Autónomas poden realizar soio se estenden ó que inevitablemente se deduzca, desde o punto de vista da defensa xudicial, das reclamacións xurídicas substantivas configuradas pola norma autonómica en virtude das particularidades do dereito creado pola propia Constitución.

Haberá que estar, pois, ó que decida o Tribunal Constitucional, froito do recurso antes referido.

2.- Leis de reforma.-

Dúas son as iniciativas legislativas tendentes a reformar textos anteriores que completaron a súa tramitación neste período de sesións (deixando a un lado a xa mencionada reforma do Regulamento parlamentario).

A lei pola que se aprobou unha Disposición Adicional, a Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas do persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia. Dita lei, aprobada o 9 de marzo de 1993, faculta á Xunta de Galicia para que, por decreto, efectúe a integración de determinados funcionarios de carreira nas escalas e especialidades creadas legalmente.

Nesta mesma orde de cousas podemos cita-la lei de modificación da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, que foi aprobada polo Pleno do Parlamento o día 27 de abril de 1993. Froito da experiencia recollida na práctica da actividade estatística do Instituto Galego de Estatística, fíxose aconsellable a modificación puntual de unha serie de artigos. Subliñaremos aquí aqueles que establecen unha relación detallada da información protexida polo segredo estatístico e tamén a que reforza os mecanismos sancionadores contra as infraccións das normas estatísticas.

Un último grupo de reformas tratan de recolle-la modificación de situacións de feito, como é o caso da creación das novas universidades galegas, así como de recoller unha maior representación técnica na composición do Consello Galego de Estatística.

3.- Leis de actuación sectorial.-

Baixo este epígrafe recolleremo-la aprobación dunha serie de normas que tentan disciplina-los diferentes sectores de actuación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

En primeiro lugar atoparémonos coa aprobación da Lei de fomento da investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, aprobada o día 21 de

xullo de 1993 polo Pleno do Parlamento, lei que ten por obxecto o fomento da investigación científica, a innovación tecnolóxica e a normalización e homologación científicas. Trátase dunha lei de un importante contido organizativo e planificador, deste xeito crea:

- a) Un plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- b) Una comisión interdepartamental de ciencia e tecnoloxía de Galicia.
- c) A secretaría xeral do plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- d) O consello asesor de investigacións e desenvolvemento tecnolóxico
- e) Os centros tecnolóxicos.

Este contido normativo dictouse ó amparo do artigo 17.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia e dos seus correlativos 148.1.17 e 149.1.15 da Constitución. Conta con antecedentes na Lei estatal 13/1986 de 14 de abril de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, e no eido da nosa Comunidade Autónoma foron relevantes o Decreto 19/1987, do 14 de xaneiro e a Lei galega 8/1988, do 18 de xullo do Plan galego de investigación científica e técnica.

Consecuencia nida da consolidación de un estado social e democrático, como define a Constitución española é a implantación de novas alternativas na protección e promoción social. Pois ben, neste contexto enmárcase a aprobación, o día 19 de febreiro de 1993, da Lei de servicios sociais, que ven a deroga-la Lei 3/1987, do 27 de maio, reguladora da mesma materia. O obxecto fundamental da presente lei é o de ordenar e estruturar un sistema integrado de servicios sociais, como servicio público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación da súa promoción. O título preliminar da lei consagra uns principios xerais inspiradores do sistema de servicios sociais, entre o que podemos destaca-lo principio de responsabilidade pública, o de recoñecemento e apoio da iniciativa social, o de participación, solidariedade e universalidade.

Dos numerosos proxectos legislativos remitidos polo Goberno galego, referidos ó eido das obras públicas e servicios, soio alcanzou a forza de lei o que se refire á administración hidráulica de Galicia, quedando no camiño proxectos tan importantes como o de estradas ou o que pretendía a creación de un ente público que xestionara os portos galegos. As disposicións fundamentais da lei de administración hidráulica de Galicia, fan referencia á creación dun organismo autónomo, denominado “Augas de Galicia”, e a de unha empresa pública de obras e servicios hidráulicos, pero non serán estas disposicións nin as normas de procedemento administrativo contidas na lei, as que xeneran unha maior problemática xurídico-social, senon ás contidas nos artigo 33 e seguintes da lei que regulan o canon de saneamento. Ó longo do trámite parlamentario deste proxecto, constituíu un continuo cabalo da batalla o párrafo 1º do artigo 34 ó defini-lo xeito impositivo do canon de saneamento do seguinte xeito: “A produción de vertidos de augas e produtos residuais relacionados directa ou indirectamente. En todo caso, enténdese realizado o feito impositivo polo consumo ou pola utilización **potencial** ou real da auga de calquera procedencia .”

O 9 de marzo de 1993 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou o texto definitivo da Lei de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade. Trátase dunha lei vangardista no dereito autonómico comparado e tenta establece-las normas para a protección dos animais domésticos ou salvaxes en cautividade, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando excluídos aqueles animais que son obxecto dunha regulación específica, como os criados para o aproveitamento das súas producións e os salvaxes. O articulado da lei ten en conta os criterios incluídos na “Declaración universal dos dereitos dos animais”, aprobada pola UNESCO e posteriormente pola ONU. O contido da lei fai especial fincapé no eido das infraccións e prohibicións respecto do tratamento dos animais explicitando detalladamente as sancións que lle son aplicables.

Un último grupo de normas encuadrables nesta clasificación son as referidas ó ámbito da pesca en Galicia. Deste xeito só atopamos a aprobación no Pleno do Parlamento en sesión celebrada o día 22 de xuño de 1993 do texto definitivo da Lei de confrarías de pescadores de Galicia. Esta lei configura ás confrarías como corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lle están encomendadas, atribuíndolles tamén funcións consultivas e de colaboración coa administración. O texto legal aporta a novidade de que

as confrarías dediquen na súa organización unha sección especial para realizar actividades nos campos relativos á organización e comercialización dos produtos pesqueiros, propiciando así que poidan obter recoñecemento como organización de produtores ó abeiro do Regulamento da CEE núm. 3.687/91, do 28 de novembro de 1991.

Por último, faremos referencia á aprobación, o 13 de abril de 1993, do texto definitivo da Lei de pesca de Galicia.

Este texto, contén a regulación da Pesca, Marisqueo e Acuicultura Mariña, así como de todo tipo de actividade pesqueiro-marítima e, en xeral, a explotación dos recursos mariños baixo calquera modalidade. Non é momento aquí para unha análise polo miúdo do contido da lei, se ben si cabe subliñar-la regulación detallada de aspectos coma o marisqueo e a acuicultura na zona marítimo-terrestre, a explotación de algas e argazos, a renovación da flota, a inspección e vixilancia da actividade de explotación dos recursos mariños e a comercialización dos produtos da explotación dos recursos mariños. A presente lei entrou a regular un eido competencial de difícil delimitación e que debiera ser obxecto de definición concreta polo Tribunal Constitucional ó ter sido obxecto de recurso de inconstitucionalidade por parte do Presidente do Goberno do Estado.

ANEXO I

RESUME XERAL DE ACTIVIDADE

1993	1º período de sesións
PROCEDEMENTOS LEXISLATIVOS	
Leis	12
Proposicións aprobadas	3
Proxectos aprobados	10
PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN	
Sesións informativas	44
Pleno	8
Comisión	36
Interpelacións	
Presentadas	36
Tramitadas	20
Preguntas	
Orais Pleno	
Presentadas	26
Tramitadas	25
Orais Comisión	
Presentadas	134
Tramitadas	56
Resposta escrita	
Presentadas	152
Tramitadas	167

ANEXO I (continuación)**RESUME XERAL DE ACTIVIDADE**

1993	1º período de sesións
PROCEDEMENTOS DIRECCIÓN E IMPULSO	
Debates xerais	1
Debate comunicación	0
Debate programas e plans	0
Proposicións non de lei	
Pleno	
Presentadas	11
Tramitadas	16
Comisión	
Presentadas	90
Tramitadas	76
Mocións	
Presentadas	8
Tramitadas	10
PROCEDEMENTOS ELECTIVOS	1
OUTROS	
Investidura	0
Moción de censura	0
Cuestión de confianza	0
Control da lexislación delegada	1
Convenios e Acordos cooperación	0
Actuacións perante o T. Constitucional	0